



FACULTADE DE FILOLOXÍA
DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA INGLESA E
ALEMÁ

Tradución Directa e Inversa (Inglés)

Mario Cal Varela

Francisco Javier Fernández Polo

José Manuel Oro Cabanas

GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO
2011/2012

FACULTADE DE FILOLOXÍA. DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA INGLESA E ALEMÁ

AUTORES: Mario Cal Varela, Francisco Javier Fernández Polo, José Manuel Oro Cabanas
Edición electrónica. 2011

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

Introdución

Traducir é unha actividade complexa que require non só un coñecemento excelente da gramática e do léxico das dúas linguas implicadas senón tamén unha preocupación constante pola corrección no uso da lingua e unha conciencia crítica, entre outras, das dimensións ideolóxica e cultural da comunicación diaria.

Aprender a traducir require unha práctica ardua e intensa que permita adquirir multitude de destrezas que só poden cubrirse parcialmente nun curso introdutorio como é este, pero desexamos sinceramente que este curso che resulte útil e interesante, tanto se te achegas ó mundo da tradución porque aspiras a dedicarte a el profesionalmente, coma se o fas porque entendes que é un bo instrumento para a aprendizaxe ou a mellora das túas competencias lingüísticas.

Nas vindeiras páxinas atoparás unha serie de recomendacións que che serán útiles para aproveitar mellor a materia e, chegado o momento, tamén para superala. Le a guía detidamente e de forma íntegra, porque nela se explicita todo o que che pode ofrecer a materia e tamén o que se espera de ti.

Datos descriptivos da materia

Nome da materia: Tradución directa e inversa (inglés)

Código: G5061224

Créditos ECTS: 6

Carácter: complementario.

Curso e cuadrimestre: primeiro curso, segundo cuadrimestre.

Obxectivos e competencias

O obxectivo xeral da materia de tradución é a adquisición e consolidación de coñecementos e o desenvolvemento de estratexias e destrezas útiles para a práctica da tradución. De xeito máis concreto, o traballo nesta materia permitirá aos estudantes acadar os seguintes obxectivos específicos.

- Adquirir coñecementos prácticos básicos sobre as principais diferenzas entre o inglés e o galego/español e tomar conciencia da súa importancia como posibles problemas de tradución.
- Comprender a importancia de expresarse con precisión e corrección na propia lingua e de converterse en usuarios críticos desta.
- Tomar conciencia da natureza comunicativa da tradución, é dicir, de que traducir consiste en recrear unha mensaxe preexistente nunha segunda lingua.
- Adquirir coñecementos prácticos sobre procedementos e estratexias de tradución eficaces.
- Aprender a analizar e preparar textos con vistas á súa tradución, atendendo especialmente a aspectos importantes tales como a intención comunicativa, as ideas principais, os trazos lingüísticos máis característicos, o estilo, o tipo de texto ou a súa organización xeral.
- Aprender a manexar de forma eficaz as ferramentas e recursos de apoio necesarios para o tradutor.
- Desenvolver estratexias de traballo en grupo que axuden aos estudantes a resolver problemas de tradución de xeito colaborativo.
- Adquirir os coñecementos necesarios para analizar de forma crítica e expor con claridade os aspectos esenciais dun problema específico de tradución.

Contidos

Cuestións de vocabulario

Os falsos amigos; a ambigüidade léxica e o uso do dicionario; as combinacións léxicas (*collocations*); a fraseoloxía; etc.

Cuestións de gramática

Entre outros, a frase nominal (os determinantes; o número gramatical, etc.) e a frase verbal (tempo, modo, voz e aspecto verbais; as formas non finitas: o xerundio e o participio ingleses, etc.).

Cuestións de cohesión e coherencia textual

A estrutura do texto e o parágrafo; a co-referencia textual: repetición e variación léxicas, a substitución pronominal, a elipse...; os conectores textuais.

Cuestións de variedades de lingua

Os rexistros e estilos; as variedades xeográficas e sociais.

Cuestións de pragmática

Os actos de fala; as implicaturas e a intertextualidade; os coñecementos culturais e o filtro cultural.

Bibliografía

Non se fará uso de libro de texto. Os profesores da materia darán indicacións sobre como obter ou proporcionarán copias dos materiais do curso.

Lista básica de dicionarios e manuais de apoio para a tradución xeral inglés-castelán/galego:

- *VV. AA.* (2008) *Gran diccionario Oxford Español-Inglés/Inglés-Español*. Oxford: Oxford University Press. (4ª ed.).
- *VV. AA.* (2006), *Collins Cobuild Advanced Learner's English Dictionary* (Paperback). Harper Collins Publishers. (5ª ed.).
- Moliner, María (2003), *Diccionario de uso del español*. Madrid: Gredos. (2ª ed.)
- Bosque, I. (dir.) (2004) *Redes. Diccionario combinatorio del español actual*. Madrid: SM.
- RAE (2006), *Diccionario panhispánico de dudas*. Madrid: Santillana.
- Gómez Torrego, L. (1997), *Manual de español correcto (I, II)*. Madrid: Arco Libros. (8ª edición).
- Fernández Salgado, B. (dir.) (2004), *Diccionario Galaxia de usos e dificultades da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Pena, X. A. (2005). *Gran diccionario Século 21 da Lingua Galega*. Vigo: Do Cumio.

Manuais de tradución do inglés ao español onde poder atopar recomendacións interesantes para a práctica da tradución fóra de clase.

- Brehm Cripps, Justine (2004), *Targeting the Source Text. A Coursebook in English for Translator Trainees*. Castellón: Publicaciones de la Universidad Jaume I.
- Duff, A. (1989), *Translation*. Oxford: OUP.
- Hervey, S., I. Higgins & L. M. Haywood (1995), *Thinking Spanish translation : a course in translation method*, London, Routledge.

Outros traballos sobre os contrastes entre o inglés e o castelán.

- García Yebra, V. (1984) *Teoría y práctica de la traducción*, Madrid, Gredos.
- Vázquez Ayora, V. (1976) *Traductología*, Washington: Georgetown UP.
- Wandruszka, M. (1976) *Nuestros idiomas comparables e incomparables*, Madrid, Gredos.

No campus de Lugo empregaranse os seguintes textos durante o curso:

- Oro Cabanas, J. M. 2007 . *Selected papers on translation (From 1995 to 2003)*. Lugo: Unicopia. ISBN: 84-96351-34-3; DEP. LEGAL: LU-303-O7.
- _____ 2001 *On translation Historical Aspects, Interpretability and Linguistic Trifles*. Lugo: Unicopia (176 páginas). ISBN: 84-89189-79-X DEP. LEGAL: 403-2001.
- _____ 2002. 'On the Gray Areas of Language', en *Teaching of English as a Foreign Language: A European Perspective*. (pp. 31-63). Cauce: Revista de Filología y su Didáctica, nº 25.

Metodoloxía de ensinanza

“Tradución” é unha materia de carácter esencialmente práctico. O temario que se pretende desenvolver durante o curso artículase en torno a cuestións contrastivas de diversa índole (léxica, sintáctica, pragmática e textual) que poden presentar problemas desde o punto de vista da tradución. Os aspectos máis salientables correspondentes a cada unidade temática presentaranse nunha primeira sesión de carácter máis expositivo que incluírá tamén exercicios prácticos intensivos que axuden aos alumnos a tomar conciencia da natureza e do alcance do problema. Esta sesión inicial irá seguida doutras netamente prácticas nas que se fará uso de diferentes tipos de actividades que ofrezan unha perspectiva máis ampla e máis claramente contextualizada do problema a través de textos auténticos extensos. Estas actividades terán como obxectivo profundar na cuestión tratada en cada unidade e ao mesmo tempo exercitar e desenvolver destrezas de tradución de carácter transversal. Entre outras actividades, nestas sesións máis prácticas farase uso das seguintes:

- Tradución de textos representativos de diferentes rexistros.
- Tarefas de pre-tradución: análise de textos (contido, estrutura, estilo, etc.), exercicios de comprensión e de síntese (*gist translation*), etc.
- Debates sobre temas relacionados directamente co ámbito da tradución e das diferenzas entre as linguas.
- Análise crítica de textos traducidos.
- Actividades centradas sobre o manexo das ferramentas do tradutor tales como os distintos tipos de dicionarios ou outros recursos de apoio á tradución.

Como complemento ás clases presenciais farase un uso frecuente da aula virtual, que constituirá esencialmente unha canle adicional para a titorización dos estudantes, a avaliación continua e a proposta de materiais de utilidade para o traballo autónomo. Permitirá así mesmo dispor dun espazo permanentemente aberto para a interacción cos estudantes, e para que estes participen de xeito activo, compartindo experiencias, dúbidas, opinións, etc. en relación coa materia e co mundo da tradución en xeral.

Avaliación

O **75%** da cualificación final dependerá do rendemento do alumno nos exames oficiais da materia, que se realizarán nas datas previstas polo centro. O rendemento medirase en función da capacidade demostrada polo alumno para dar conta dos obxectivos e dos contidos previstos no programa do curso.

O restante **25 %** corresponderá á avaliación continua e determinarase en función da asistencia e participación do alumno nas clases, que se controlará periodicamente, da frecuencia e da calidade da súa participación nas distintas actividades previstas no curso virtual, e da calidade dos traballos e probas que se poderán recoller/realizar ó longo do curso.

Nas convocatorias extraordinarias o 25% da cualificación que corresponde á avaliación continua en función da participación activa do alumno no curso, manterase, como é lóxico, inalterada con respecto á obtida na convocatoria ordinaria.

Distribución de actividades

Actividades	Horas presenciais	Horas non presenciais	Total
Sesiones expositivas	16	32	48
Sesiones de seminario	32	48	80
Sesiones de tutoría	3	9	12
Sesiones de avaliación	3	7	10
TOTAL	54	96	150

Recursos en liña de apoio á tradución

Dicionarios

<http://www.wordreference.com/>

<http://dictionary.cambridge.org/>

<http://www.diccionarios.com>

<http://buscon.rae.es/diccionario/drae.htm>

<http://webs.uvigo.es/sli/>

<http://www.edu.xunta.es/diccionarios/index.html>

Compilacións de dicionarios (dicionarios e glosarios clasificados por linguas e/ou temas)

<http://www.lexicool.com/>

<http://www.traduim.com/>

<http://www.foreignword.com/>

<http://www.yourdictionary.com/>

<http://www.tododiccionarios.com/>

Enciclopedias en inglés e en español

http://en.wikipedia.org/wiki/Main_Page

<http://www.bartleby.com/>

<http://www.howstuffworks.com/>

Recursos sobre o inglés, o español e o galego

<http://www.bbc.co.uk/worldservice/learningenglish/grammar/index.shtml> (English grammar, exercises...)

<http://www.edufind.com/english/grammar/> (inglés)

<http://www.usingenglish.com/index.html> (inglés).

<http://grammar.ccc.commnet.edu/grammar/> (inglés)

<http://www.mansioningles.com/> (inglés)

<http://www.eslgold.com/> (inglés)

<http://www.fundeu.es/> (recomendacións e dúbidas – español)

http://ec.europa.eu/translation/index_en.htm (bases de datos e guías de estilo; recomendacións e dúbidas – español)

http://cvc.cervantes.es/oteador/default.asp?l=2&id_rama=133&ct=catalogo132

(recomendacións e dúbidas - español)

<http://www.elcastellano.org/gramatic.html> (gramática - español)

<http://www.rae.es/>

<http://www.zonaele.com/index.htm> (gramática - español)

<http://www.usc.es/~snlus/> (normas e recomendacións – galego)

http://gl.wikipedia.org/wiki/Curso_de_lingua_galega (gramática - galego)

http://gl.wikipedia.org/wiki/Normativa_oficial_do_galego (normas - galego))

Prensa en inglés, castelán e galego

<http://www.metagrid.com/> (search written press worldwide)

<http://www.nytimes.com/> (The New York Times)

<http://www.timesonline.co.uk/> (London Times)

<http://www.guardian.co.uk/> (The Guardian/The Observer)

<http://www.washingtonpost.com/> (The Washington Post)

<http://www.msnbc.msn.com/id/3032542/site/newsweek/> (American weekly)

<http://www.time.com/time/> (American weekly)

<http://www.economist.com/> (British weekly)

<http://www.elpais.es>

<http://www.elmundo.es>

<http://www.lavozdegalicia.es>

<http://www.galicia-hoxe.com/>

<http://www.anosaterra.com>

Para practicar tradución

http://cvc.cervantes.es/aula/el_atril/ingles/

<http://cvc.cervantes.es/trujaman/>

Apéndice

Tradución comentada

No que segue amósanse dous exemplos de traducións realizadas por estudantes de tradución de cursos pasados. Os erros aparecen subliñados e numerados para o seu comentario posterior por parte do profesor (en inglés).

A patently absurd invention?

It must have seemed like a great idea at the time: an alarm to be fitted inside a coffin, just the thing to guard against premature burials. And what about spectacles for chickens, or a two-handed glove for couples who wish to maintain palm-to-palm contact even in chilly weather? These are but a handful of the devices registered with the Patent Office since it opened 150 years ago this month. Each year the office processes thousands of patent applications. Examiners assess each one to check that it is genuinely new or at least involves an "inventive step". Filing a patent costs relatively little - but gives the inventor a monopoly on their invention for 20 years. While many ideas have been groundbreaking, others could charitably be described as far-fetched. But next time a seemingly far-fetched solution pops into your head, give it a second thought. It could be that you have just hit upon a goldmine.

Source: BBC News Online (adaptada)

Versión 1

¿Un absurdo invento patentado?

Debió¹ haber sido una gran idea en el momento²: una cámara³ que se colocase dentro de un ataúd, simplemente para salvaguardar⁴ de entierros prematuros. ¿Qué hay de los espectáculos⁵ para gallinas, y de los guantes con dos manos para parejas que deseen mantener el contacto palma con palma incluso con un tiempo sofocante⁶?. Estos no son más que un puñado de los resultados⁷ registrados por la “Oficina de patentes” desde que se inauguró este mismo mes hace ya 150 años. Cada año la oficina registra miles de formularios de patentes⁸. Los examinadores comprueban cada una para ratificar que son genuinamente nuevas o que por lo menos aportan un “paso en la invención”⁹. Rellenar¹⁰ una patente cuesta relativamente poco (pero le da al inventor un monopolio sobre su invento durante 20 años). Mientras que muchas ideas han sido echadas por tierra¹¹, otras podieron¹² ser descritas amablemente¹³ como poco pulidas¹⁴. Pero la próxima vez que una solución que parezca poco pulida despierte en su cabeza¹⁵, piénsela de nuevo¹⁶. Puede ser que halla¹⁷ dado con una mina de oro.

Comments:

1. The correct Spanish modal is *debió de*.
2. The corresponding idiom in Spanish is *en su momento, en su día, en su época. En el momento* has a different meaning in Spanish.
3. Different meaning from English original.
4. Unnatural verb-complement collocation. Possible alternative: *evitar entierros prematuros*.
5. E. *spectacles* is Sp. *gafas*. False friend.
6. Different meaning from English original. E. *chilly* is Sp. *frío, fresco*.
7. Different meaning from English original. E. *device* is Sp. *aparato, artilugio*.
8. Different meaning from original. E. *application* is Sp. *solicitud*.
9. Unclear sense. Non-idiomatic expression.
10. Different meaning from original. Should say *solicitar*.
11. The Spanish idiom has a different meaning from the original.
12. Wrong tense.
13. The pragmatic value of the original adverb is missing in the translation. Possible alternatives: *por decirlo/calificarlas de forma suave, en el mejor de los casos, como mínimo*.
14. Different meaning from the original. Should say *rebuscadas, descabelladas*.
15. Unnatural idiomatic expression. Unclear sense.
16. Different pragmatic value from the original. Should say: *piénselo un poco más, no la descarte sin más, dele una segunda oportunidad*.
17. Wrong spelling: should say *haya*.

Versión 2

¿Patentar un invento absurdo?

En su momento pudo haber parecido una gran idea: poner una alarma dentro de un ataud¹, justo lo que se necesitaba para prevenir los entierros prematuros. ¿Y que² me dices de las gafas para las gallinas? ¿O un guante para dos manos dirigido a aquellas parejas que desean agarrarse de la mano incluso cuando hay un clima frío³? Estos sólo son un puñado de objetos patentados por la Oficina de Patentes desde que abrió hace 150 años este mes. Cada año, la Oficina procesa miles de formularios⁴ para patentar algo. Los examinadores chequean⁵ cada uno de ellos para mirar si es algo genuino⁶ o si, por lo menos, aporta un “paso en la invención”⁷. Rellenar⁸ una patente cuesta relativamente poco – pero le da al inventor una monopoli⁹ sobre su invento de 20 años. Mientras muchas ideas han sido rompedoras, otras podrían ser consideradas, de una forma

modesta¹⁰, como exageradas¹¹. Pero la próxima vez que te venga en mente¹² una solución que te parezca exagerada piénsalo dos veces. Podría ser que acabas¹³ de encontrarte con una mina de oro.

1. Wrong spelling. Should say *ataúd*.
2. Idem. Should say *qué*.
3. Unnatural expression. Unclear sense.
4. Different meaning from original. Should say *solicitud*.
5. Poor style. Better options: *estudian*, *examinan*.
6. Missing information.
7. Unnatural expression. Unclear sense.
8. Different meaning from the original. Should say *solicitar*.
9. Wrong Spanish expression.
10. Different meaning from the original. Incoherence: the meaning of the Sp. idiom does not fit in this context.
11. Different meaning from the original. Should say *rebuscadas*, *descabelladas*.
12. Different meaning from the original. Should say *te venga a la mente*, *se te ocurra*.
13. Wrong tense.

Versión suxerida

¿Un patente absurdo?

Seguro que en su día a todo el mundo le pareció una idea genial: una alarma para ataúdes, la solución perfecta para evitar los enterramientos prematuros. Y qué decir de las gafas para pollos o los guantes de dos manos para las parejas que desean mantener las palmas de las manos en contacto incluso cuando el tiempo está más bien fresquito. No son éstos más que un pequeño botón de muestra de los incontables artilugios registrados en la Oficina de Patentes desde que abriera hará este mes ciento cincuenta años. Todos los años la Oficina procesa miles de solicitudes, que los funcionarios revisan una a una con el fin de asegurarse de que sean genuinamente nuevas o al menos de que aporten alguna novedad. Solicitar una patente resulta relativamente barato, especialmente si se tiene en cuenta que le otorga al inventor el monopolio de su creación durante veinte años. Si bien algunas de las ideas supusieron en su día toda una revolución, otras en cambio podrían calificarse, como mínimo, de rebuscadas. Con todo, la próxima vez que se le ocurra algo que en principio pudiera parecerle rebuscado, le recomiendo que no lo descarte sin más, ya que muy bien pudiera haberse topado con una auténtica mina de oro.